

TI E MÃISEU

Leo McCarey, 1957

1656

ESTREA EN NUMAX: 29.12.2025 | V.O.S.E. | 119 min

Un elegante playboy e a cantante dun club nocturno coñécense a bordo dun luxoso trasatlántico e xorde entre eles un apaixonado romance. Aínda que ambos están comprometidos, establecen un pacto: se seis meses despois seguen a sentir o mesmo o un polo outro encontraranse no Empire State Building.

Un dos cumios da comedia romántica clásica que inspirou “Algo para recordar” (Norah Ephron, 1993), filme que proxectaremos en NUMAX o martes día 30.

«Humor exquisito e romance sentimental para unha obra mestra que oscila con delicadeza entre a comedia e o melodrama»

Antonio Albert, EL PAÍS



Entrevista con Deborah Kerr: «Cary Grant involucrábase moito na rodaxe e dirixía as súas propias escenas»

Por Miguel Marías

Na súa carreira hai varios remakes espléndidos. Non fixen tantos remakes. En certo sentido érao o *Ti e máis eu* de 1957 (“An Affair to Remember”) con respecto ao de 1939 (“Love Affair”) interpretado por Irene Dunne.

O que me gustaría saber é se cando un estudio rodaba unha nova versión dunha historia os actores e os técnicos vían a anterior, para tratar de copiar ou non copiar, emular ou non, os logros ou evitar os erros da anterior. *Ti e máis eu* enfocámola como se fose unha historia totalmente nova. Baseámonos no guión non no anterior filme. No meu caso interpretei o papel de Terry McKay sen saber o que se fixera antes, reparando no que eu cría que era o personaxe.

Cal foi a súa formación académica como actriz? A miña tía, Phyllis Smale, era moi boa actriz, aínda que só actuou en Bristol, unha pequena cidade no oeste de Inglaterra. Traballaba alí no teatro e dirixía unha pequena escola de interpretación e danza. E todo o que sei débollo a ela.

Dá a sensación de que no seu traballo se deixa guiar moito polo instinto. Lonxe do que coñecemos todos polo “método”. Vostede parece mergullarse no personaxe e este reacciona coma se se tratase de vostede mesma. Así é, gozo moito actuando. A respecto do “método”, que mencionou, recordo unha película chamada *Mesas separadas* (Delbert Mann, 1959), onde traballaba tamén Gladys Cooper. A esta muller un día nunha entrevista preguntáronlle: “Cal é a súa opinión, Miss Cooper, sobre 'o método'?”. E ela contestou: “Eu non teño método, unha déixase ir, e iso é todo”. E así é como traballaba eu. Deixábame ir e vivía as escenas. Así de simple.

Vostede sempre parece actuar con todo o seu corpo, coma se se fose a súa propia pel. Nunha escena toma vostede un obxecto na súa man e esquecese de que está a actuar, parece que nin pensa en que existe unha cámara. Si, é verdade. Está moi ben expresado, pero non lle vou dicir como o logro, ese é o meu segredo [risas].

Como traballaba no plató Leo McCarey? En que sentido?

Quería saber se improvisaba moito. Algúns dos actores que traballaron con el mostráronse moi inquietos porque non lles gustaba a idea de improvisar. Parece que cando dominaba o guión, improvisaba e o actor tiña que aprender un novo diálogo no estudio pouco antes de empezar a rodar. O que non sabemos é se en 1957 seguía improvisando tanto ou non. Si, creo que o facía. Pero non lembro ben quen escribiu o guión.

Era de Delmer Daves e do propio McCarey e baseábase no da versión de 1939, “Love Affair”, que escribieran Delmer Daves e Donald Odgen Stewart, sobre unha historia de Mildred Cram e do propio McCarey. Cary Grant involucrábase moito e virtualmente dirixía as súas propias escenas. Era un tipo con moito talento en moitos aspectos. Era moi meticuloso. Recordo que cando rodabamos a escena no decorado dos peiraos de Nova York, á chegada do barco, a cámara enfocaba a toda a multitude que agardaba aos que chegaban, Cary dixo: “Corten, corten! Por favor, cambien de sitio á señora da maleta vermella porque sempre se me vai a mirada a esa cor”. Era marabilloso e eu aprendín moito del. Era todo un mestre, no dobre sentido.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Leo McCarey. Sonrisas y
lágrimas,*
Miguel Marías.
Athenaica